



## O BISPO DE LUGO

Queridos irmáns,

Todos os que conformamos esta Diocese de Lugo vivimos con dor e conmoción o anuncio dos terremotos en Venezuela e das súas consecuencias devastadoras. Sentímolos con particular intensidade dada a presenza de tantos irmáns venezolanos, fieis e sacerdotes, que forman xa parte da nosa comunidade. E sentimos a necesidade de expresar a fe que nos une coa pobo de Venezuela, e a nosa proximidade e solidariedade coas numerosas vítimas e persoas feridas, coas miles de familias que quedaron nunha situación de extrema vulnerabilidade.

Confiando en Deus, pedimos o Seu auxilio nas Misas do domingo pasado, coincidindo coa Xornada Nacional de Oración que convocou a súa Conferencia Episcopal para ese mesmo día 28 de xuño. E unidos á Igrexa venezolana "pedimos ao Altísimo o eterno descanso dos falecidos e elevamos as nosas oracións polo benestar de todas as vítimas" (Monseñor Raúl Biord Castillo, Arcebispo de Caracas).

Queremos facer nosas tamén as palabras de Mons. Biord Castillo: "Invitamos a todas as parroquias, Cáritas parroquiais e movementos apostólicos a activar as súas redes de solidariedade para atender as emerxencias e necesidades que se presenten ... É hora de tender a man ao veciño, de coidar especialmente aos nosos anciáns, mozos e nenos, e de demostrar que a fe se traduce no amor fraterno."

Por iso consultamos coa nosa Cáritas Diocesana e con Cáritas Española, para escoller a forma máis eficaz de canalizar a axuda e a solidariedade que xurda na nosa Diocese.

Nestes momentos, a forma máis útil de colaboración material son as achegas económicas, xa que permiten atender con rapidez necesidades prioritarias da poboación afectada, e sobre todo apoiar a recuperación das familias e comunidades damnificadas, axudándolles a abrir horizontes de futuro. Deus queira que este xesto de caridade fraterna confirme aos nosos irmáns venezolanos que “non están sós, hai un pobo e unha Igrexa que camiña ao seu lado” (CEV, Comunicado da Presidencia, 26-06-2026)

Para iso, habilitamos a través de Cáritas Diocesana de Lugo algunhas contas bancarias destinadas a canalizar os donativos. Posteriormente, o importe íntegro recadado será remitido a Cáritas Española para a súa distribución a través de Cáritas Venezuela, segundo nos indica a mesma Conferencia Episcopal Venezolana, garantindo así que a axuda chegue a quen máis a necesitan.

**As contas bancarias habilitadas para esta emerxencia son as seguintes:**

Banco Santander: ES32 0238 8106 5006 0006 6303

Banco Sabadell: ES77 0081 2211 8100 0100 0705

Abanca: ES81 2080 0101 5030 4009 4594

Bizum: 38079

**Concepto da transferencia: Emerxencia Terremoto Venezuela**

Que a Santísima Virxe María, baixo a advocación da nosa Señora de Coromoto e dos Ollos Grandes, estenda o seu manto protector sobre quen sufriu máis directamente as consecuencias destes terremotos e sobre toda Venezuela. Que a todos dea consolo, os encha de fortaleza, e os manteña unidos na fe, a esperanza e a caridade.

Lugo, 29 de xuño de 2026

+ Alfonso,  
Bispo de Lugo